

PROXECTO DEPORTIVO ORIENTACIÓN A PÉ 2020

1. INTRODUCCIÓN:

A Orientación é un deporte que segue crescendo cada ano. Non só é que cada ano que pasa máis xente coñece o noso deporte, senón que os medios cada vez se fan máis eco da singularidade das nosas actividades.

2. BREVE ANÁLISE 2019:

Dentro deste ano que finaliza destacan as seguintes cuestións:

- Diminución do número de carreiras (7) que conforman a Liga Galega de Orientación a pe. Hai unha diminución nas propostas dos clubs para organizar carreiras de orientación a pe.
- Singularidade dos terreos escollidos para a realización das carreiras, de tipo urbano (3) sen ser sprint.
- Diminución ao redor de 100 licenzas en canto ó ano 2018.
- Inicio do novo convenio con Portugal: Liga Interrexional Galicia-Portugal Norte.
- Diminución na participación galega en Liga Española (2018: 414, 2019: 350).
- Aumento das carreiras de orientación fora da liga galega e desligadas da Federación, a través de ligas comarcais ou locais organizadas polos clubs, ou incluso empresas privadas. Isto denota un aumento do interese pola Orientación como deporte.
- Selección para o Campionato do Mundo Escolar (WSCO) e medalla de bronce. (Estonia).
- Excelentes resultados na Liga Española de Rogaine (Absoluta Mixto e Absoluta masculina).
- Moi bos resultados nos CEO's en distintas categorías e carreiras.
- Galicia é a comunidade autónoma con maior número de licenzas de toda España: **687** licenzas.

3. OBXECTIVOS 2020:

Para o próximo ano, pretendemos seguir crescendo como deporte, tanto a nivel autonómico, como nacional, para iso marcámonos os seguintes obxectivos:

Debemos de buscar opcións para un aumento no número de carreiras que compoñen a nosa liga, instamos ós clubs a seguir organizando tan ben como o veñen facendo estes anos, e animamos ó resto de clubs a coordinarse entre eles e organizar unha carreira entre varios clubs. Moitas veces a motivación, idea... pode partir dun club, e os medios materiais e/ou técnicos de outro clube, polo que o resultado vai saír enriquecido pola converxencia de diferentes visións.

Como Federación, vemos a importancia de competir en novos mapas fora da nosa comunidade, e entendemos o enriquecemento que supón para os deportistas de calquer categoría competir nunha proba de liga nacional

ou Campionato de España. Todo enriquecemento e mellora no deportista, reflectirá na Federación en sí, e no deporte da Orientación.

Por outra parte, seguiremos apoiando ás/os rapazas/ces na tecnificación deste deporte, buscando facer equipo e motivándoos a adquisición dunhas boas prácticas como deportistas (superación, esforzo, responsabilidade, saber competir, saber gañar, saber perder, respecto ó medio natural, respecto ós competidores e respecto a un/ha mesmo/a).

Neste ano 2020, marcámonos como novo obxectivo a modalidade de Rogaine, pretendemos dar a coñecer esta modalidade ós/ás xovenes, e ó resto da comunidade orientadora de cara a aumentar a participación galega nos Campionatos de España de Rogaine.

4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

Pretendemos dar continuidade ó convenio con Portugal, a través da realización da **II Liga Interrexional: Galicia-Norte de Portugal 2020**:

Nº.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	18/01/2020	Amigos da Montanha	Caminha		
2	14/03/2020	OPBZ	Betanzos	Longa	Cto. Galego
3	25/04/2020	USC/AROMON	Santiago de Compostela	Media	Cto. Galego
4	27/06/2020	NAST	Alvao (Vila Real)		
5	17/10/2020	Limiaactiva	A Limia		LGDO
6	28/11/2020	.COM	Paredes de Coura		

A **I Liga Galega de Sprint este 2020** estará conformada por:

MODALIDADE	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	OBSERVACIÓNS
SPRINT	25/04/2020	USC/AROMON	Santiago de Compostela	
	13/06/2020	U. Vigo	Nigrán	Cto. Galego

As probas programadas a día de hoxe que forman a **XXIX Liga Galega 2020** son:

Nº	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
----	------	-------------	-------	------	--------------

1	08/02/2020	Fluvial	Lugo		
2	14/03/2020	OPBZ	Betanzos	Longa	Cto. Galego Longa/ LIR
3	25/04/2020	USC+Aromón	Santiago	Media	Cto. Galego Media/ LIR
4	26/04/2020	USC+Aromón	Santiago	Longa	City Race
5	13/06/2020	U.Vigo	Monteferro-Nigrán	Media	
6	19/09/2020	Ártabros	Begonte	Media	
7	03/10/2020	Fluvial	Guitiriz/Abadín		
8	17/10/2020	Limiaactiva	A Limia	Longa	LIR
9	14/11/2020	Trevinca	Valdeorras	Longa	

Tendo en conta este calendario, propónse aproveitar o desprazamento a algunhas destas probas para realizar actividades de adestramento cos/as rapaces/rapazas de tecnificación nas tardes (de 15 h. a 18 h.) das seguintes datas:

- **18/01/2020 en Caminha (Portugal).**
- **14/03/2020 en Betanzos (A Coruña).**
- **17/10/2020 en A Limia (Ourense), posible ampliación ata ó domingo 18.**

A pesar das difíciles datas do **PNTD de Reis (do 2 ó 5 de xaneiro)** e da gran distancia que nos separa ata **Alicante**, pensamos que pode ser unha gran axuda para os/as nosos/as pequenos/as orientadores, polo que poñemos á súa disposición un dos nosos técnicos, que se fará responsable dos rapaces/zas os días marcados e propoñemos axudas para o seu desprazamento.

Estes anos de tecnificación vimos a importancia de facer convivencia de varios días, non so pola posibilidade de facer máis adestros de diferentes características, senón pola importancia de crear grupo entre os nosos/as xóvenes.

Por esta razón, a Federación pretende apoiar unha **fin de semana de Tecnificación** no concello de **Porto do Son, entre os días 7 e 8 de marzo**, orientada ó CEO de Extremadura. O apoio económico sería en canto aloxamento, manutención e impresión de mapas. Previamente ó CESA, temos intención de organizar unha

pequena concentración de tecnificación de cara a este Campionato, para os preseleccionados ou seleccionados nas categorías correspondentes.

A participación no **Trofeo Quijotes (Cuenca) entre os 26-30 de agosto**, ou nun tipo de competición similar, é un obxectivo competitivo e de avaliación, onde os/as nosos/as orientadores/as poidan seguir avanzando técnica e físicamente en mapas diferentes ós da nosa comunidade.

ROGAINE

Facemos especial referencia á modalidade de Rogaine, xa que pretendemos introducir ós nosos xóvenes na categoría junior, así como aumentar a participación no resto de categorías no Campionato de España de Rogaine.

Organizarase un adestro de Rogaine para afondar nos aspectos xerais, e técnicos desta modalidade. A data e a zona está por determinar.

5. SELECCIÓN:

A competición nos CEO's segue sen ser por seleccións autonómicas, dende a FEGADO transmitiremos á FEDO a nosa proposta de equipararnos á MTBO e ó CESA de competir por seleccións autonómicas.

A proposta que levaremos a cabo este novo ano, será de pagarlle a inscrición máis unha axuda a desprazamento ós deportistas que formen a selección para o computo do trofeo Comunidades de cada un dos CEO's (exceptuando a modalidade de remudas): 34 deportistas das competicións individuais. Para a confección da selección terase en conta o ranking das ligas Galegas 2019-2020 e os campionatos galegos 2020, podendo asignarse alguna praza por decisión técnica.

6. ORZAMENTO:

- ✓ Inscrición dun técnico no PNTD de Reis: 130€
- ✓ Axuda para o desprazamento dos/as rapaces/zas galegos/as participantes no PNTD: 1174€
- ✓ Aloxamento, manutención e bus para 40 persoas en Porto do Son: 1500€
- ✓ Aloxamento, manutención e bus para 40 persoas (previo CESA): 500€
- ✓ Aloxamento, manutención e desprazamento en autobús para 30 persoas (CESA, en Zaragoza do 30 outubro ó 2 de novembro): pendente axuda Xunta de Galicia
- ✓ Impresión de mapas de tódolos adestros: 200€
- ✓ Inscrición para os 34 seleccionados para os CEO 1: 882€ e CEO 2: 542€.
- ✓ Desprazamento a CEO 1: 1020€ e CEO2: 1020€
- ✓ Inscrición no Campionato de España de Rogaine para os equipos galegos mixtos seleccionados nas distintas categorías (4): 25x4x3= 300€
- ✓ Desprazamento CE Rogaine: 450€
- ✓ Tecnificación Rogaine: 400€
- ✓ Bus para o XIV Trofeo Quijotes (5 Días de España), cofinanciado: 1144€

7. ENTRENADORES/TÉCNICOS/MONITORES TECNIFICACIÓN:

- Grupo 1º
 - Alfonso Mancera
 - Sonia Arias
 - David Casado
 - María Piñeiro

- Grupo 2º
 - Alejandra Carro
 - Martín Morales
 - Jorge Piñeiro

- Grupo 3º
 - Ángel Á. Serto
 - Ricardo Figueroa
 - Teresa Bellón

8. NORMAS BÁSICAS:

Comportamento exemplar. Pedirase ós nosos participantes en Ligas e CEO's un comportamento deportivo e exemplar que escenifique o bo facer da FEGADO.

9. CONTACTO DA MODALIDADE:

Alejandra Carro Mahía, oripe@fegado.es